

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Asunto:

ALEGACIÓNS ao ANUNCIO do 08 de abril de 2025, da Consellería de Medio ambiente e Cambio Climático, polo que se someten a información pública a Avaliación de Impacto Ambiental simplificada (AIA), do cambio de uso forestal a agrícola de varias parcelas, na parroquia de Ponte Ulla, Vedra, A Coruña.

D/A. _____, con documento de identidade nº _____, domicilio para efectos de notificación en _____, no Concello de Vedra, correo electrónico _____.

EXPÓN

Que en tempo e forma, pola presente e en relación co aludido anuncio, procédense a expoñer as seguintes

ALEGACIÓNS

1.- CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE O IMPACTO DO PROXECTO.


Non se pode entender que nestes momentos se entregue unha avaliación de impacto ambiental para o cambio de uso de terreo forestal a agrícola para a plantación de viño albariño sen unha reflexión mínimamente seria sobre o feito obxectivo da expansión do viñedo industrial do Concello de Vedra e na comarca da Ulla.

O número de hectáreas adicadas ao viñedo industrial na Comarca do Ulla aumentou alomenos un 341,53% entre 2000 e 2024. Dos 93.606 kg de uva recollida de 2000 pasáronse aos 2.677.579 kg de 2024. Esta tremenda escalada en dúas décadas pode dar unha idea da modificación masiva e a todos os niveis da comarca. A nova ampliación de viñedo que se propón ven a agravar a actual situación de masificación e de contaminación do medio ambiente da nosa comarca.

Para ter un exemplo máis claro, e de directa afectación municipal en Vedra xa no que se refire a súa superficie, na actualidade, e con datos aportados verbalmente polo Concello, rondamos as 500 ha e xa se pode falar dun 5% de todo o territorio municipal.

Non se poden seguir a autorizar en terreo forestal reconversións a plantacións de viño sen control, límite ou medida. A plantación de viñedo industrial en tal volume modifica e anula completamente as valoracións de impacto que se poidan realizar por separado nunha sóa plantación. E isto se refire a todos os tipos de impactos posibles, paisaxístico, afectación de pesticidas, herbicidas e fitosanitarios, ambientais, etc.

En definitiva, parcela a parcela se modifica o territorio, a paisaxe e o conxunto do concello.



Viñedo industrial na parroquia de San Mamede (Vedra)

Polo tanto, e á hora de valorar esta avaliación de impacto ambiental para o cambio de uso de terreo forestal a agrícola para a plantación de viño albariño, non se pode aceptar no seu conxunto se non se encadra nun escenario de monocultivo extendido por todo o concello.

Porque se non se realiza con ese elemento fundamental, os datos de impacto que aportan non son válidos.

A modo de exemplo, dicir que na contorna desta plantación proxectada xa hai máis plantacións de viño. Polo tanto os resultados desta avaliación de impacto ambiental non son válidos. As consecuencias do emprego de pesticidas, herbicidas e fitosanitarios non poden ser os mesmos na conca hidrográfica que rodea a futura plantación de viño industrial.

E tampouco pode ser o mesmo o impacto paisaxístico e ambiental. Porque con esta plantación a zona se convirte nun espazo cunha moi alta concentración de terreo adicado a esta actividade, multiplicando por mil os efectos previstos neste estudo.

Polo tanto, se rexeita esta avaliación de impacto ambiental por non recoller algo tan fundamental como o feito de se integrar nunha zona e nun concello cunha alta densidade de plantacións deste tipo, cunhas consecuencias totalmente diferentes ás reflexadas na avaliación.

2.- CONSIDERACIÓNES PARTICULARES SOBRE O IMPACTO DO PROXECTO.

1. PATRIMONIO CULTURAL

Camiño de Santiago.

A parcela linda propiamente co Camiño de Santiago.

Ainda que o informe de impacto ambiental, na súa páxina 39, soamente recolle como posible debilidade do proxecto que haxa visibilidade á plantación de viñedo desde... “*3 puntos desde la ruta del Camino de Santiago. (...). La zona de actuación será visible en diferentes puntos de la ruta en mayor o menor medida*”, o certo é que non se trata só de visibilidade, é que linda co Camiño.

E o certo é que a disposición da parcela, superficie e ubicación, transforma por completo a paisaxe polo cal este discorre. Non ten nada que ver co actual, sendo unha modificación total, que non se tapa con catro árbores.

O Camiño xa se veu comprometido na parroquia de San Pedro de Vilanova (Vedra) nunha plantación realizada hai uns anos, onde se arrasaron os carballos que lindaban co Camiño e

se plantou viñedo ao lado do mesmo., cun considerable prexuízo ao mesmo. Non é compatible esta plantación coa conservación do Camiño de Santiago e a súa contorna.

2. PATRIMONIO PAISAXISTICO

A ubicación destas parcelas e a proposta de transformar 16 ha en viñedo industrial está enclavada nunha das paisaxes más icónicas do Concello. A vista do val do Ulla, con Ponte Ulla e o Gundíán muda radicalmente con esta plantación.

A maiores de supoñer unha total alteración dunha paisaxe que se debe conservar, cabe indicar que a plantación industrial prevista invade o núcleo urbán de Ponte Ulla, estando perimetralda por vivendas e rodear un dos poucos enclaves urbáns tradicionais do concello de Vedra.

A alteración da paisaxe de forma irreversible esixe a non aceptación desta AIA.

3. PATRIMONIO AMBIENTAL

Impacto no solo

Recoñécese na páxina 47 do informe de impacto ambiental que a eliminación da cuberta vexetal será severa. E que haberá arrastres de material e compactación do solo.

Tal como se explica en “**La erosión del suelo se acentúa y llega a los 45 millones de toneladas anuales**” (https://www.farodevigo.es/galicia/2025/02/24/erosion-suelo-acentua-llega-45-millones-toneladas-ano-114611093.html?utm_source=newsletter&utm_medium=email&utm_campaign=sus_matinal&utm_content=web&idC=4986&pnespid=V7xzpVlb4iZJik_I_cvaElxS8R5nxKhp9FxUEq8COZ3KfyYBIIg_r_0ZnN8Yf_CP4ZbpYytN)

“Las lluvias, sobre todo las torrenciales y todavía más intensamente en terrenos pasto de los incendios, arrastran a los ríos y al mar cantidades ingentes de tierra. A ello se suma también la acción del hombre, que interactúa de forma determinante. Cuanto más deterioro del suelo, más riesgo de avance de la desertización, un problema al que España en su conjunto es «especialmente sensible» por circunstancias como orografías accidentadas con extensas superficies de elevada pendiente, suelos pobres, falta de una cubierta vegetal adecuada o un clima con marcada alternancia de períodos húmedos y secos, condición esta última que se acrecienta con el cambio climático.

En el caso de Galicia, el fenómeno de la erosión se ha acentuado también como en el conjunto de España, según se recoge en la última actualización del *Inventario Nacional de Erosión de Suelo (INES)*, de 2022. Si en 2010 la comunidad gallega perdía 36 millones de toneladas al año, ahora la cifra se ha elevado hasta los **45,1 millones**. En toda España, el desgaste del suelo es de 600 millones de toneladas, siendo Galicia la cuarta autonomía más afectada.

«En España, por tanto, el problema de la erosión es importante porque puede conducir a la desertización del suelo, secuencia final del proceso erosivo, propiciando con ello su

desertización, entendiendo como tal el abandono de la población asentada en ella, al no encontrar ésta los medios y servicios suficientes para alcanzar y mantener un adecuado nivel de vida»



Desmonte para viñedo en Vedra. Eliminación de la cobertura vegetal

- Como di a catedrática da USC, Rosa Mosquera: “Entre o 60 e o 70% dos solos na Unión Europea están en mal estado e sufren degradación, afectando tanto a los solos superficiales como a los subsolos. “A pesar del papel crítico de los subsolos para los servicios ecosistémicos, nuestro conocimiento sobre la gestión del suelo sigue siendo limitado”. (https://innova.campogalego.gal/agricultura/arrinca-o-primeiro-laboratorio-vivo-do-solo-de-galicia.html?fbclid=IwY2xjawIlkqZleHRuA2FlbQIxMQABHe60LBb_8t96BqlOsUQsAyXenrtZq5Y_oCSnVCkwqvgLCcTXjqqdA3c_sQw_aem_iv4AIiiyI4EfANsYThjwfg)

Impacto na flora

- Mencíñase na páxina 26 do informe de impacto ambiental a *Arum italicum*, especie que se da na zona impactada polo proxecto de viñedo industrial e que está incluída en “Especies de flora incluidas en el Libro Rojo de la Flora Vascular Amenazada de España”.



- Por outro lado, tal como se menciona na páxina 6 do informe con respecto á alteración da flora da zona de actuación:

“Se trata de una tala o destrucción masiva de de una masa forestal con el propósito de cambiar a otro tipo de funcionalidad en una superficie de más de 10 hectáreas”.

- Na páxina 13 dise que (...) *“En caso de existir un abandono de la actividad es previsible que se produzca la regeneración natural de las especies forestales existentes actualmente en la parcela”.*

É dicir, que en caso de abandono da actividade non se procederá á restitución e saneamento da gran parcela de 16 hectáreas arrasadas e contaminadas, senón que se deixará que a natureza siga o seu curso.

- Na páxina 50 do informe de impacto ambiental se recoñece que...

“Los impactos negativos sobre la vegetación proceden generalmente de la eliminación de las masas forestales para la implantación de la viña”.



Plantación de viñedo en Vedra

Impacto na fauna

- Dise na páxina 33 do informe que...

“Tomando como referencia lo establecido en el Catálogo Gallego de Especies Amenazadas, desarrollado a través del Decreto 88/2007 del 19 de abril, modificado por el Decreto 167/2011, del 4 de agosto, que actualiza dicho catálogo, se muestra, en la tabla a continuación, la información relativa a las especies presentes en la zona objeto de estudio incluidas dentro del Anexo I (En Peligro de Extinción) y Anexo II (Vulnerables).

Para estas especies animales en las que se requiere una protección estricta, se prohíbe cualquier actuación no autorizada hecha con el propósito de darles muerte, capturarlos, perseguirlos o molestarlos intencionadamente, la destrucción de su hábitat, así como la posesión, el transporte, la venta o exposición para la venta e importar o exportar ejemplares silvestres vivos o muertos”.

E na páxina 34 dise que...

“Para los animales del Anexo IV (D.H.), es decir, que requieren una protección estricta, se prohíben entre otras cosas: su captura o matanza, la perturbación deliberada, la destrucción o recogida intencionada de huevos, el deterioro o destrucción de sus lugares de reproducción o zonas de descanso...”

Pois ben, nas páxinas 33-35 se enumera unha longa lista de... *Especies presentes en la comarca (que) están incluidas en los anexos IV y V de la Directiva 92/43/CEE*. Hai

mamíferos, aves, anfibios e reptiles que requieren unha protección estrita (páx 35), pero, ademáis, hai varias especies que se consideran en peligro de extinción (Anexo I) e vulnerables (Anexo II). Estas especies son: desmán ibérico, murciélagos ratoneiro grande, escribano palustre, salamandra rabilarga, sapito pintoxo ibérico, rana de San Antonio, tritón ibérico, rana patilarga e lagartija serrana.

- Na páxina 51 fálase do **Impacto sobre la fauna** nos seguintes termos:

“La capacidad del monte para albergar fauna de entidad radica en las zonas donde no se realizarán intervenciones de ningún tipo. Este caso se refiere a los matorrales y la zona cubierta por arbolado. Si bien sería necesario limitar los trabajos a épocas que no fuesen de cría, los animales de mediano o gran tamaño no se verán afectados de una manera tan notable ya que poseen más capacidad de migración que los animales de pequeño tamaño”.

Como se aprecia no texto, a solución para que os animais botados do seu hábitat sobrevivan á desfeita é a súa capacidade de migración. E tendo en conta a implantación masiva de viñedo industrial combinada coa implantación, cada vez más masiva do eucalipto, cada vez queda menos territorio ao que fuxir.

- Nas páxinas 22 e 23 afírmase que *en todo el término municipal, la fauna presenta una gran diversidad de especies, determinada esta diversidad por la presencia de diversos ecosistemas (pinares, robledales, pastizales, tojales, brezales, etc.)*.

Pero que...

“Como valoración técnica de cómo puede afectar el cambio de uso al inventario de flora y fauna de la zona es evidente que provocará la disminución de la presencia de especies forestales, todas ellas abundantes en la zona”.

Ao tempo que se recoñece que o cambio de uso do solo reducirá a presencia de especies, minimízase o impacto do monocultivo do viñedo nunha zona rica en diferentes ecosistemas e incluso acábase dicindo que redución será positiva para o medio.

Os residentes de Vedra, así como as asociacións de cazadores, podemos observar fácilmente cómo especies como o xabarín, os coellos e os corzos están quedando sen hábitat polo avance combinado do outro monocultivo, o do eucalipto, e, sobre todo, no caso dos xabaríns, cada vez é más fácil velos en poboados.

- Convén volver mencionar o efecto acumulativo de ambos monocultivos nunha mesma zona. Segundo un estudo da USC e do CSIC, concluiuse que *“La expansión de las plantaciones de eucalipto en el Noroeste de la Península Ibérica —que en Galicia ya cubren el 30% de la superficie forestal— ha transformado drásticamente el paisaje y supone serias amenazas para la biodiversidad”* y *“confirma al eucalipto como primera causa de la disminución de aves en los bosques del noroeste peninsular”* (https://www.gciencia.com/medioambiental/nin-refuxio-nin-comida-o-eucalipto-reduce-a-metade-a-presenza-de-aves-nos-montes-galegos/?utm_source=mailpoet&utm_medium=email&utm_source_platform=mailpoet&utm_campaign=asi-foi-o-dia-en-gciencia_1)

- Na páxina 36 do informe se di que “*En lo que se refiere a la flora y la fauna son varias las especies de fauna que habitan en esta zona, varias de las cuales están incluidas en el Catálogo Gallego de Especies Amenazadas*”. Esta afirmación xa debería por sí soa facer recapacitar sobre a no idoneidade do establecemento de grandes extensións de viñedo industrial.

Recoñécese, en relación ao seu impacto sobre la biodiversidade, que... “*El proyecto provocará un cambio de cultivo que desencadenará en una modificación de la biodiversidad en el área. E que ... Ciertas especies verán disminuido su hábitat*”.

- De novo convén recordar os efectos acumulativos sobre unha comarca xa moi castigada coa implantación de numerosas extensións de viñedo industrial:
 - “**Pérdida acumulada de biodiversidad:** *La conversión repetida de áreas forestales a viñedos puede llevar a una pérdida progresiva de hábitats naturales y especies nativas, afectando la biodiversidad local y regional.*
 - **Degradación del suelo:** *El uso continuo de suelos para actividades agrícolas puede generar la degradación del suelo (erosión, compactación, pérdida de nutrientes).*”
- E na páxina 60 tamén se deixa claro que “*El cambio de cultivo lleva asociado implícitamente una modificación de la biodiversidad del área, disminuyendo el hábitat forestal de la zona*”.
- Como se recoñece na páxina 52... “*Las actividades vitivinícolas son aportadoras de los gases de efecto invernadero*”.



Sulfatado de la viña en Védras

Os monocultivos, a práctica de cultivar un só tipo de pranta en grandes extensións, aumenta a emisión de gases de efecto invernadoiro, degradan os solos e reducen a biodiversidade, o que á súa vez afecta á capacidade dos ecosistemas para absorber carbono e mitigar o quentamento global.

“De no reducir drásticamente las emisiones de CO₂, se prevé que la temperatura continúe aumentando en las próximas décadas y las olas de calor sean más frecuentes e intensas. En estas condiciones, incluso si las precipitaciones se mantuvieran, lo que parece poco probable, el consumo de agua de los cultivos será claramente superior” (Facultad de Ciencias de la Universidad de Navarra)

3.- CONSIDERACIÓNS PARTICULARES TÉCNICAS SOBRE O IMPACTO DO PROXECTO

1. PENDENTES E EROSIÓN

A redacción particular desta AIA ten unha clarísima contradicción entre o manifestado, o real e a súa valoración.

Por unha parte queda claro que estamos diante dunhas parcelas cunha extraordinaria pendente.

Por outra parte fálase de que só é aproveitable o terreo cunha pendente inferior ao 30%.

Por outra parte no mapa que recolle a superficie a adicar a viña se inclúen zonas cunha pendente de 40%, o cal contradí o expresado nesta AIA.

Por outra parte, e sen nengún fundamento técnico, expresase que non se van facer “bancales”, senón “pequeñas terrazas”. Esta afirmación non se sostén desde ningún punto de vista. Carece de fundamento técnico e é un criterio inventado que non se sostén.

Nun terreo con estas pendentes resulta más que evidente que se se quere realizar unha plantación de viñedo industrial en intensivo, falamos dun movemento de terras de grandes dimensíons, que non se prevé nesta AIA.

Seguramente un dos aspectos que más inviabilizan este proxecto e esta AIA sexa este. Míntese de forma deliberada sobre o alcance do movemento de terras. Requerimos a anulación desta AIA, que debería ter visto acompañada dun proxecto técnico de movemento de terras, dada a complexidade da ubicación.

Preténdense establecer camiños con pendentes iniciais de más do 50%, falamos de reducción de más dun 30% da pendente nalgún caso, etc. Non é creible nada do expresado neste apartado, e estamos diante dun risco inminente de erosión.

- Como se recoñece na páxina 59 do informe de impacto ambiental, en relación á erosión...

“Es uno de los riesgos con mayor probabilidad de ocurrencia y daño previsibles dentro del proyecto. La erosión depende esencialmente de los factores suelo, pendiente, litología, cubierta vegetal y régimen de precipitaciones. También las prácticas antrópicas pueden

tener un papel esencial en estos procesos en la medida en que modifican, a veces de forma irreversible, algunos de estos elementos. Los efectos de este riesgo sobre el medio ambiente es la pérdida del suelo y la posible contaminación del agua por partículas en suspensión”.

- Así mismo, recoñécese na páxina 42 do informe, en relación co risco de erosión, que...

“Los valores de erosión potencial para la zona de estudio corresponden con la categoría 7, si bien este dato debe matizarse en función de la capacidad de recuperación de la vegetación, determinada fundamentalmente por las condiciones climáticas (sequía, frío, ...), ya que los efectos de esa supuesta desaparición de la vegetación serán más o menos duraderos y, por tanto, más o menos graves, dependiendo del tiempo que tarde en recuperarse la cubierta”.

É dicir, a zona se atopa na categoría máxima de risco de erosión (nivel 7) segundo a táboa dos “Niveles erosivos laminar del suelo según el Inventario Nacional de Erosión de Suelos (2002-2019) “ ¡pero no informe confían en que o clima e o transcurso do tempo arranxen a previsible erosión do terreo...!

- Tamén se di na mesma páxina 42 que... “El umbral que se considera sostenible para evitar la degradación a largo plazo suele situarse en alrededor de 5 t/ha/año. Cualquier valor superior puede llevar a una reducción gradual de la fertilidad del suelo y otros problemas asociados a la degradación del ecosistema.”

E na páxina dise que “*Si las pérdidas durante los primeros 5 años son mayores de 5-10 toneladas por hectárea y años, se tomarán medidas preventivas más exigentes para reducir los niveles de erosión hasta estos umbrales*”.

Tendo en conta o dito na páxina, parece moi neglixente unha espera de 5 anos cunha erosión maior do aceptable para implementar medidas.

- Na páxina 49 recoñécese, en relación co o impacto sobre os solos, que...

“Previsiblemente las zonas más afectadas serán las pistas forestales por las que se realice la extracción de la madera del monte a fábrica o cargadero mediante camiones o autocargador. En menor medida se verán afectadas las vías internas del monte, ya que sólo serán ocupadas de forma estacionaria y transitoria por la maquinaria de corta (su propio peso sin carga) y también el autocargador. Como alternativas, no existen otros medios de menor entidad para la realización de estas actividades”.

“*Por otra parte, las actividades de apeo y saca de la madera también generan afección al suelo por la caída y arrastre de troncos dentro de los rodales objeto de aprovechamiento. Este fenómeno, producido por la corta de los árboles es inevitable*”.



Viñedo industrial a la orilla do río Ulla, marzo de 2025, Vedra

- Finalmente, os efectos acumulativos dos desmontes cos corrementos de tierras, especialmente nas épocas de chuvias, perxudican gravemente tanto ás augas superficiais como as subterráneas e, en definitiva, todas confluén na contaminación do río Ulla.



Aspecto do río Ulla tralos desmontes por cambio de uso do solo a viñedo industrial

2. USO DE HERBICIDAS

Se ben este proxecto se vende como de produción sostenible, o certo é que tamén se define como hiperintensivo polo marco de plantación da viña, e a propia expresión de maximizar os rendementos económicos.

Fálase de deixar unha cuberta vexetal nas rúas entre as cepas, pero o sistema para combater as herbas entre as cepas emprega herbicidas.

E cabe lembrar que estamos próximos a vivendas, con captacións de augas, Camiño de Santiago, escorrentías, etc.

- O glifosato, clasificado como probable carcinóxeno, está especialmente presente en Galicia e na comarca do Ulla (*El herbicida más cuestionado es el más utilizado en Galicia*, https://www.lavozdegalicia.es/noticia/galicia/2016/06/23/herbicida-cuestionado-utilizado-galicia/0003_201606G23P21991.htm)
- Segundo La Vanguardia no seu artigo *El herbicida más utilizado del mundo entra en la lista negra del cáncer* (<https://www.lavanguardia.com/natural/20150322/54428349874/iarc-incluye-glifosato-monsanto-lista-probable-causa-cancer.html>), “La Agencia Internacional para la Investigación sobre el Cáncer (IARC, dependiente de la Organización Mundial de la Salud) ha incorporado el **glifosato** -principio activo del grupo de **herbicidas** más utilizado del mundo- a la lista de substancias *probablemente carcinógenas para humanos* (grupo de substancias [2A de la IARC](#)).”

Aportamos más información sobre o perigo destas sustancias químicas:

- “**Multa de 2.100 millones a Bayer por causar cáncer con un herbicida ampliamente usado en España**” (<https://www.informacion.es/medio-ambiente/2025/04/05/multa-2-100-millones-bayer-115743739.html>): “(...) Se trata de un polémico producto que **contiene glifosato**, sustancia que numerosos expertos y científicos piden prohibir por sus comprobados riesgos para la salud.”

Esta no es la primera vez que Bayer, gran fabricante de pesticidas, es objeto de fortísimas sanciones por este producto. Hasta el momento, ha tenido que pagar 10.000 millones de dólares en indemnizaciones y multas por el Roundup, aunque todavía tiene pendientes varias decenas de miles de juicios, de los que sin duda se derivarán nuevas sanciones. Bayer compró el gigante Monsanto en 2018 y heredó de él este y otros productos.”

En resumo, o cultivo do albariño esixe para a súa explotación o uso intensivo de sustancias perigosas segundo a clasificación da Unión Europea: carcinóxenas, mutaxénicas oo reprotoxicas e disruptores endocrinos.

- Tal como se recoñece na páxina 54 do informe de impacto ambiental, o **efecto acumulativo** dos fitosanitarios que contaminan o aire é notable xa que o **número de hectáreas adicadas a viñedo industrial na Comarca do Ulla aumentou alomenos un 341,53% entre 2000 e 2024.**

- Ademáis de todo o dito, os estudos científicos certifican que hai unha conexión clara entre pesticidas e Párkinson (<https://theconversation.com/pesticidas-y-parkinson-una-conexion-fuera-de-toda-duda-219239>):

“Últimamente la enfermedad de Parkinson está experimentando un crecimiento acelerado. Entre 1990 y 2015, la cantidad de pacientes que sufren este trastorno neurodegenerativo se duplicó, superando los 6 millones. Y se estima que este número volverá a multiplicarse por dos en 2040, cuando previsiblemente haya más de 12 millones de personas afectadas.

La pérdida gradual de neuronas en el cerebro está vinculada al mal plegamiento y agrupación de la proteína alfa-sinucleína. Estos agregados tóxicos promueven el daño de las neuronas dopaminérgicas, que están especializadas en la producción del neurotransmisor dopamina y se ubican en la sustancia negra del cerebro. La pérdida de esas células es la responsable de los síntomas del párkinson.

... la mayoría de los casos se atribuyen a desencadenantes ambientales, factores de riesgo prevenibles que desempeñan un papel crucial en las probabilidades de sufrir párkinson. Entre los más destacados se encuentran los golpes repetidos en la cabeza, asociados con actividades como el fútbol americano, y la exposición a herbicidas y pesticidas. A continuación nos centraremos en estos últimos.

Una de las pruebas incriminatorias es que los agricultores son más susceptibles de padecer la dolencia en comparación con la población en general. De todos modos, tengamos en cuenta que aunque existan muchas personas expuestas de manera regular a pesticidas, solo tendrán papeletas de contraer párkinson las que estén genéticamente predispuestas.

Además de controlar las plagas, los pesticidas pueden dañar no solo los cultivos, sino también a los animales y las personas. Los científicos han identificado diez productos – incluidos insecticidas, fungicidas y herbicidas– que deterioran significativamente las neuronas implicadas en el desarrollo de la enfermedad de párkinson”.

- Na páxina 55 do informe fálase dos efectos sinérxicos cando dous ou máis impactos interactúan de maneira que os seus efectos combinados son maiores que a suma das súas partes.

É interesante repasar todas as situacións que se enumeran:

- **“Cambio climático y pérdida de cobertura vegetal:** La deforestación contribuye al aumento de emisiones de CO₂, y cuando se combina con otros factores, como la utilización intensiva de maquinaria agrícola, este impacto puede intensificarse, acelerando el cambio climático a nivel local y global.
- **Aumento de la erosión e impactos sobre cuerpos de agua:** La pérdida de cobertura vegetal combinada con el uso de técnicas agrícolas que no prioricen la conservación del suelo puede aumentar la escorrentía, lo que lleva a una mayor sedimentación en ríos y arroyos. Esto no solo afecta la calidad del agua, sino que puede incrementar el riesgo de inundaciones y alterar los ecosistemas acuáticos.

- **Modificación del microclima:** La sustitución de áreas boscosas por viñedos puede alterar el microclima local, reduciendo la humedad relativa y afectando los patrones de temperatura. Si esta modificación interactúa con otros cambios en el uso de la tierra en la región, puede tener efectos más pronunciados en la salud del ecosistema y en las actividades agrícolas.
- **Impacto sobre especies en riesgo o endémicas:** La pérdida de áreas forestales puede generar un efecto sinérgico en combinación con otras amenazas que enfrentan las especies locales, como la fragmentación del hábitat, acelerando la pérdida de biodiversidad”.

3. USO DE FERTILIZANTES E FITOSANITARIOS

Na redacción da AIA, e apesar de grandes declaracíons de intencíons, o que queda clara é que estamos diante dunha explotación de viñedo industrial intensiva e de agricultura convencional. Sen matices.

Fálase expresamente do emprego de fertilizantes químicos na instalación da viña, e o modelo intensivo de plantación require de aportación mineral por incapacidade de soportar a densidade de plantas. Vanse usar fertilizantes. Indiscutible.

Fálase expresamente nesta AIA de emprego de fitosanitarios sistémicos convencionais. Vanse emplegar fitosanitarios. Indiscutible.

Impacto no aire

- Segundo un informe da ONG francesa “Générations Futures” revélase que ata decenas de metros de distancia das parcelas de uso vitivinícola non se reducen significativamente as concentracíons de pesticidas no aire.
- E tomado os datos oficiais da Xunta de Galicia (seguramente moi superados en 2025), en 2023 vendérónse en Vedra 2.8 toneladas de fitosanitarios dos cales, o 36% está etiquetado como causante de efectos graves para a saúde. Pode producir cancro ou defectos xenéticos. O 81 % está etiquetado como dañino para o medio ambiente e perigoso para o medio acuático. O 54% está etiquetado como irritante/ nocivo e o 38% son materias corrosivas.
- Sumadas ás case 3 toneladas de fitosanitarios de Vedra engádense as 11.9 toneladas do veciño concello de Boqueixón e as 14.8 toneladas do tamén veciño concello de A Estrada.
- En concreto véñense usando para viñedo de Vedra como GLIFOSATO, AZUFRE, DIFENOCONAZOL, FOSETIL-AL 50%, FOLPET 25%, CIMOXANILO 4%, CIMOXANILO 4%, FOLPET 25%, FOSETIL-AL 50%, FOLPET 56,3%, IPROVALICARB 9%, FOLPET 40%, METALAXIL-M 4,8%, CIMOXANILO 3%, SULFATO CUPROCALCICO 22,5%, OXICLORURO DE COBRE 50% ,

FLUOPICOLIDA 4,44% FOSETIL-AL 66,67%, OXICLORURO DE COBRE 35%, FOLPET 40% METALAXIL 10%, FOLPET 40% METALAXIL-M 5%, SULFATO CUPROCALCICO 20% , FOLPET 25% FOSETIL-AL 50% IPOVALICARB 4%, METALDEHIDO 3%, TEBUCONAZOL 25%, SULFATO CUPROCALCICO 20% , OXICLORURO DE COBRE 50% , METALAXIL 25% , BENALAXIL-M 3,75% FOLPET 48%, CIMOXANILO 33% ZOXAMIDA 33%, MOJANTE NO IONICO 20%, BENALAXIL-M 5% OXICLORURO DE COBRE 15% HIDROXIDO CUPRICO 15%, AMETOCTRADIN 12% METIRAM 44%, CIMOXANILO 45%, FOLPET 48% VALIFENALATO 6% , MEPTILDINOCAP 35%, METIRAM 70%, OXATIPIPROLIN 4% ZOXAMIDA 30%, CIFLUFENAMID 3% DIFENOCONAZOL 6%, Penconazol 10%, TEBUCONAZOL 25%, FOSFONATOS DE POTASIO 51%, Mandipropamida 25% ZOXAMIDA 24%, OXICLORURO DE COBRE 14% HIDROXIDO CUPRICO 14% , CIAZOFAMIDA 10%, OXICLORURO DE COBRE 70%, SPIROXAMINA 50%, ÓXIDO CUPROSO 45% , ZOXAMIDA 3,6% FOSETIL-AL 35% CIMOXANILO 2,8%, FENPIRAZAMINA 50%y PROQUINAZID 20% entre outras moitas sustancias perigosas para o medio ambiente e para a saúde humana.

- En xeral, o emprego dos fitosanitarios pode afectar á calidade do aire de varias maneiras, principalmente a través da dispersión dos produtos e a formación de contaminantes secundarios. Os plaguicidas poden quedar en suspensión no aire en forma de vapor, aerosoles ou asociados a partículas sólidas, e logo experimentar transformacións químicas e fotoquímicas que poden xenerar novos contaminantes atmosféricos.

Impacto na auga

- A constante aplicación de produtos fitosanitarios: herbicidas, funxicidas, insecticidas, abonos químicos, etc. contaminará a medio prazo os manantiais da zona.
- Recoñécese na páxina 50 do informe de impacto ambiental que... (...) “*Una de las posibles afecciones sobre el ciclo hidrológico es la de generación de vertidos de aceites (hidráulicos y/o lubricantes) por la maquinaria*”.

E tamén que...

“*Otra de las actividades que pueden generar arrastres de materiales (pétreos o biológicos) es el apeo de árboles en zonas de pendiente próximas a cauces. Si bien el apeo puede dirigirse, en ocasiones es inevitable.*

El abonado de las parcelas y el riego para el establecimiento de los cultivos son otros de los puntos que puede afectar a los cauces”.

- Recoñécese tamén na páxina que...

“El suelo y el agua son los principales aspectos medioambientales que más se pueden ver afectados por el proyecto. (...). El posible uso de fitosanitarios para el mantenimiento del cultivo puede causar lavados que causen contaminación en el agua”.

Fálase dun “*possible uso*” de fitosanitarios que sabemos que non só será posible, senón obrigado porque o albariño tense que protexer do mildiu, oídio, botritis e da polilla do racimo entres outras pragas. E sabemos que o viñedo industrial non contempla a día de hoxe técnicas ecolóxicas e non contaminantes para o medio. Especialmente cando se pretende explotar ao máximo as vides para lograr unha colleita enorme.

- Fálase dun uso controlado dos fitosanitarios, pero non se especifica cáles serán as medidas de control. Non se especifica qué distancia mínima se considera segura para que os río Ulla, os regatos e as aguas subterráneas non se contaminen.
- Os efectos acumulativos do uso de fitosanitarios, especialmente nas épocas de chuvias, perxudican gravemente tanto ás augas superficiais como as subterráneas e, en definitiva, **todas confluén na contaminación do río Ulla.**
- Na páxina 55 do informe de impacto ambiental recoñécese que...

“La deforestación y la conversión de áreas forestales a viñedos puede alterar los patrones de drenaje y recarga de acuíferos. Este efecto puede amplificarse si hay múltiples conversiones en una misma cuenca hidrográfica, lo que afecta la calidad y disponibilidad de agua tanto superficial como subterránea.”

Isto é así dado que o número de hectáreas adicadas a viñedo industrial na Comarca do Ulla aumentou alomenos un 341,53% entre 2000 e 2024.

- Tamén na páxina 55 do informe, en relación ao incremento no uso de agroquímicos, dise que...

“... La suma de pesticidas, fertilizantes y herbicidas utilizados en varias áreas convertidas en viñedos puede contaminar cuerpos de agua, acuíferos y suelos. Estos efectos se acumulan con el tiempo, afectando tanto la calidad del agua como la salud de los ecosistemas”.

- No concello de Vedra, residen, ademáis, veciños alérxicos aos productos químicos e dende a primavera ata o outono viven angustiados pola repercusión do constante sulfatado que esixe a vide. Estas persoas poderían considerarse como o canario das minas de carbón, ao detectar a contaminación do aire antes que o resto da poboación.

Por todo isto,

SOLICITA

1.- Unha declaración negativa. A NON aprobación da Avaliación de Impacto Ambiental simplificada (AIA), do cambio de uso forestal a agrícola de varias parcelas, na parroquia de Ponte Ulla, Vedra, A Coruña.

2.- Que se recoñeza a persoa que asina como interesada no proxecto e as súas afeccións.

Asinado:

Vedra, _____ de _____ de 2025